



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 302

VIII lexislatura

31 de agosto de 2010

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, apertura do prazo de presentación de emendas e publicación do Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias [08/PL-0016(41655)] [38822](#)

Admisión a trámite, apertura do prazo de presentación de emendas e publicación do Proxecto de lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia [08/PL-0017 (45713)] [38838](#)

Ampliación do prazo de presentación de emendas ao articulado do Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia [08/PL-0012(36940)] [38848](#)

1.2.2. Proposicións de lei

- 08/PPL-0011(44688)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

De racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia [38848](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, apertura do prazo de presentación de emendas e publicación do Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias

A Mesa do Parlamento, na reunión do 30 de agosto de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e apertura do prazo de presentación de emendas

- 08/PL-0016(41655)

Presidencia da Xunta de Galicia

De medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias

Examinado o devandito Proxecto, e logo de verificar que reúne a documentación e antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa acorda:

1º) Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo de urxencia.

2º) Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación á Comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.º) Abrir o prazo regulamentario de 8 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 9 de setembro de 2010.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta



XUNTA DE GALICIA



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

SB/mv



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia, polo procedemento de urxencia ao que se refire o artigo 98.1 do Regulamento da Cámara, achégolle **"Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias"**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 15 de xullo de 2010.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

V

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E
SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día quince de xullo de
dous mil dez adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

*“Aprobar o Proxecto de lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións
patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de
vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas
tributarias, coa solicitude da súa tramitación polo procedemento de urxencia
establecido no artigo 98.1 do Regulamento da Cámara”*


E para que conste asino esta certificación, co visto e prace do Sr. Presidente, en
Santiago de Compostela a quince de xullo de dous mil dez .

Vº e Prace
O PRESIDENTE





**PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS
TRIBUTARIAS NO IMPOSTO SOBRE
TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS
XURÍDICOS DOCUMENTADOS PARA A
REACTIVACIÓN DO MERCADO DE
VIVENDAS, DA SÚA REHABILITACIÓN E O
SEU FINANCIAMENTO, E OUTRAS
MEDIDAS TRIBUTARIAS.**






Exposición de motivos

A actual crise económica ten como principais efectos unha caída da demanda e unha dificultade de acceso ao crédito, xa que esta crise se caracteriza por ter un importante compoñente financeiro. Esta situación provoca unha maior dificultade para o acceso a unha vivenda aos cidadáns. Á súa vez, e como consecuencia destes factores, ou sector inmobiliario, que representa unha parte importante da economía e do emprego, está a sufrir en maior medida que outros sectores os efectos negativos desta recesión. Dentro do sector da construción estase a incrementar o desemprego de forma preocupante.

Para intentar contrarrestar estes efectos, o sector público debe de adoptar medidas que contribúan a inxectar liquidez no mercado e a restaurar a confianza dos consumidores. Un instrumento importante de intervención do sector público na economía é a política fiscal. Como sinala o artigo 2.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria: *"Os tributos, ademais de ser medios para obter os recursos necesarios para o sostemento dos gastos públicos, poderán servir como instrumentos da política económica xeral e atender á realización dos principios e fins contidos na Constitución"*.

Nesta liña, xa se aprobou a Lei galega 4/2009 de medidas tributarias relativas o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para fomento do acceso á vivenda, que contempla a redución dos tipos de gravame do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para as familias numerosas e os menores de 36 anos, poñendo a disposición destes colectivos recursos co fin de facilitar o seu acceso á vivenda e ao crédito para o seu financiamento, e ao mesmo tempo servir de estímulo para a reactivación do





sector inmobiliario. Dende a entrada en vigor desa lei, puxéronse de manifesto os seus efectos favorables, rexistrándose un incremento no número de adquisicións de vivendas polo colectivo ao que ía dirixida, por comparación co mesmo período do ano anterior.

Ca finalidade de incidir na liña iniciada coa lei 4/2009, a presente lei recolle, tamén con vixencia limitada, novas medidas fiscais para fomentar o acceso á vivenda, a súa rehabilitación e o seu financiamento. Estas medidas consisten na redución do tipo de gravame no imposto sobre actos xurídicos documentados nun 0.25% para a adquisición de vivendas novas e para a constitución de préstamos hipotecarios para o seu financiamento, unha redución dun 1% do tipo de gravame no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas para a adquisición de vivendas usadas que vaia ser obxecto de inmediata rehabilitación, e unha dedución do 100% da cota no imposto sobre actos xurídicos documentados para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual. Deste xeito lograrase reactivar tanto o mercado de vivendas coma o sector da rehabilitación co conseguinte aumento das transaccións inmobiliarias, das contratacións de desempregados do sector da construción para os traballos de rehabilitación, e polo tanto tamén dos ingresos impositivos derivados, tanto do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados como do IVE.

Finaliza esta lei con dous disposicións adicionais e tres finais nas que se recollen outras medidas tributarias coa finalidade de mellorar a eficacia da administración tributaria e aumentar a seguridade xurídica. Así, unifícanse nun só órgano, neste caso nos servizos de recadación, a competencia para acordar todos os supostos de





aprazamentos e fraccionamentos previstos no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; unifícase o prazo para a solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos e o de presentación e ingreso no caso de autoliquidacións no imposto sobre sucesións e doazóns; unifícase o procedemento para a aplicación de presuncións no ámbito do imposto sobre sucesións e doazóns; e finalmente habilitase ó Goberno para elaborar no prazo máximo dun ano un texto refundido que recolla a normativa autonómica sobre os impostos cedidos, coa finalidade de eliminar a dispersión normativa existente e así contribuír a reforzar a seguridade xurídica.

As medidas enmárcanse dentro das competencias normativas que as comunidades autónomas atribúen á Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e a Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias, en relación co imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Esta última norma sinala non seu artigo 49 referido ao alcance das competencias normativas das comunidades autónomas, que estas poderán asumir competencias normativas sobre determinados tipos de gravame en relación coa modalidade Transmisións Patrimoniais Onerosas, entre outros no tipo de gravame na transmisión de bens inmoables e en relación coa modalidade Actos Xurídicos Documentados, poderán regular o tipo de gravame e as deducións e bonificacións da cota dos documentos notariais.

Recadouse o ditame do Consello Económico e Social de Galicia.






Artigo 1. - Tipo de gravame aplicable no imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, á adquisición de vivenda e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ó seu financiamento.

1.- Nas primeiras copias de escrituras que documenten unha adquisición de vivenda suxeita ó imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, ou a constitución de préstamos hipotecarios destinados ó seu financiamento, o tipo de gravame aplicable será o 0,75%.

2.- Nas primeiras copias de escrituras que documenten a primeira adquisición de vivenda habitual suxeita ó imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, ou a constitución de préstamos hipotecarios destinados ó seu financiamento, o tipo de gravame aplicable será o 0,5%.





Artigo 2. - Tipo de gravame aplicable no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, á adquisición de vivenda que vaia ser obxecto de inmediata rehabilitación.

1.- No imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, o tipo de gravame aplicable á adquisición de vivendas que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación será do 6%.

2.- Os efectos desta lei, son obras de rehabilitación de vivendas as que reúnan os requisitos establecidos no número 22º B) do apartado un, do artigo 20 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, agás as obras destinadas á mellora e adecuación de cerramentos, instalacións eléctricas, auga e climatización e protección contra incendios, que se considerarán coma obras análogas.

3.- Na escritura pública que documente a adquisición, indicarse que a vivenda vai ser obxecto de inmediata rehabilitación. As obras de rehabilitación deberán ser rematadas nun prazo inferior a 24 meses dende a data de devengo do imposto. A este efectos, no prazo dos 30 días posteriores á finalización dos 24 meses, o suxeito pasivo deberá presentar ante a administración tributaria, a licenza de obras e as facturas derivadas da rehabilitación con desglose por partidas. O incumprimento desta obriga determinará a perda do dereito ó tipo reducido.





Artigo 3. - Dedución do 100% da cota do imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual.

1.- No imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, aplicarase unha dedución do 100% da cota, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a operación se refira á constitución dun préstamo hipotecario.
- b) Que a finalidade do préstamo sexa a cancelación doutro préstamo hipotecario destinado ó financiamento da adquisición dunha vivenda habitual.


2.- No caso de que o novo préstamo hipotecario sexa dunha contía superior ó necesario para a cancelación total do préstamo anterior, a porcentaxe de dedución aplicarase exclusivamente sobre a porción de cota que resulte de aplicarlle á mesma, o resultado do cociente entre o principal pendente de cancelación e o principal do novo préstamo.





Artigo 4. – Concepto de vivenda

Ós efectos desta lei, entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas, e por vivenda habitual, aquela que reúna os requisitos establecidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.






Disposicións adicionais

Primeira.- Aprazamentos e fraccionamentos no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados


Os órganos competentes para acordar os aprazamentos e fraccionamentos ós que se refire os artigos 38 de la lei 29/1987, de 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns e 113 do Regulamento do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, aprobado polo Real Decreto 828/1995, de 29 maio, serán aqueles que teñan atribuída a competencia para acordar os aprazamentos e fraccionamentos previstos no Regulamento Xeral de Recadación. Estes aprazamentos e fraccionamentos deberán solicitarse no prazo de presentación da autoliquidación.





Segunda.- Procedemento para a aplicación de presuncións no imposto sobre sucesións e doazóns

O procedemento para aplicación das presuncións sinaladas no artigo 11 da Lei 29/1987, de 18 de decembro, do Imposto sobre Sucesións e Doazóns será o establecido no apartado 3 do artigo 4 da mesma lei.






Disposicións finais

Primeira.- Entrada en vigor.


Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2011, inclusive, agás as disposicións adicionais, que terán vixencia indefinida.





Segunda - Leis de orzamentos


As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán modificar os beneficios fiscais previstos nesta norma e prorrogar o prazo de vixencia.





Terceira.- Delegación lexislativa.

O Goberno elaborará e aprobará, no prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor desta Lei, un Texto Refundido que recolla a normativa autonómica sobre os tributos cedidos. A refundición inclúe a posibilidade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que sexan obxecto do texto refundido.



Alfonso Rueda Valenzuela
Conseilleiro de Presidencia,
Admóns Públicas e Xustiza

Admisión a trámite, apertura do prazo de presentación de emendas e publicación do Proxecto de lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia

A Mesa do Parlamento, na reunión do 30 de agosto de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 08/PL-0017 (45713)

Presidencia da Xunta de Galicia

De modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia

Examinado o devandito Proxecto, e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa acorda:

1.º) Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2.º) Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación á Comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.º) Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 17 de setembro de 2010.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

RS/mv

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

23 AGO. 2010

45713

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	
23 AGO. 2010	
SAÍDA	
Núm.	4145..

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o
**"Proxecto de lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril,
pola que se crea o servizo de Gardacostas de Galicia"**, aprobado
polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 15 de xullo de
2010.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello
co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os
documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA


CERTIFICADO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e nove de xullo
de dous mil dez adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

*“Aprobar o proxecto de lei de modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola
que se crea o servizo de Gardacostas de Galicia, e a súa remisión ao Parlamento
de Galicia.”*

E para que conste asino esta certificación, co visto e praxe do Sr. Presidente,
en Santiago de Compostela o vinte e nove de xullo de dous mil dez.


Vº e Praxe
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA

**PROXECTO DE LEI DE MODIFICACIÓN DA LEI 2/2004, DO 21
DE ABRIL, POLA QUE SE CREA O SERVIZO DE
GARDACOSTAS DE GALICIA.**






XUNTA DE GALICIA

Preámbulo

A Lei 2/2004, do 21 de abril, creou o Servizo de Gardacostas de Galicia, configurado como un servizo público que, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Mar, debe cumprir coas funcións de inspección e vixilancia pesqueira, coas de control do medio mariño, prevención e loita contra a contaminación mariña e salvamento marítimo, así como con aquelas outras que se lle poidan encomendar, atendendo, deste xeito, dunha forma eficaz ás demandas do sector pesqueiro e marisqueiro nesta materia.

Para o exercicio de tales funcións, a Lei 2/2004 creou tres escalas dentro do Servizo de Gardacostas, a escala técnica, a executiva e a de axentes, declarando a extinguir o anterior Servizo de Protección de Recursos e as escalas del dependentes, que viñan desenvolvendo as tradicionais funcións de inspección e vixilancia pesqueira.


Coa presente modificación preténdese a creación dunha nova escala, a escala operativa, coa finalidade de delimitar máis claramente as funcións a desempeñar polo distinto persoal integrante do Servizo de Gardacostas, máxime cando dentro destas funcións se atopan as relativas ao desempeño do mando das embarcacións pertencentes á Consellería do Mar, complemento indispensable para realizar as tarefas de inspección e vixilancia pesqueiras, así como as de prevención e loita contra a contaminación mariña. Xunto a isto, con esta modificación adáptanse as titulacións profesionais que se precisan para exercer o mando en determinados buques pertencentes a Consellería á normativa establecida polo Real Decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.





XUNTA DE GALICIA

Por outra parte, mediante a presente modificación suprimense os límites de idade requiridos para o persoal de novo ingreso nas novas escalas do Servizo de Gardacostas que establecía a disposición adicional terceira da Lei 2/2004, ao considerarse que non deben constituír un obstáculo para o acceso ao Servizo, xa que as funcións que este ten encomendadas poden ser realizadas por persoas que superen tales límites, sen diminuír a eficacia ou calidade do servizo público a desenvolver.





XUNTA DE GALICIA

Artigo único. Modificación da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia.

A Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia, modifícase nos seguintes termos:

Uno. O apartado 3 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

“3. O Servizo de Gardacostas de Galicia contará coas seguintes escalas de funcionarios:


- a) Escala técnica.
- b) Escala executiva.
- c) Escala operativa.
- d) Escala de axentes”

Dous. Engádese un artigo 6 bis coa seguinte redacción:

“Artigo 6 bis. *Escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia.*

1. Ao abeiro do disposto no artigo 22 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, dentro do corpo de axudantes facultativos da Xunta de Galicia, subgrupo C1, créase a escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia, coas especialidades de patróns/oas mecánicos/as.

Para o acceso a esta escala esixírase estar en posesión do título de






XUNTA DE GALICIA

bacharelato ou técnico, ademais do título profesional de patrón maior de cabotaxe ou patrón de pesca de altura ou patrón de altura ou equivalente ou superior, para a especialidade de patróns/oas, e do título profesional de mecánico naval maior ou mecánico maior naval ou equivalente ou superior, para a especialidade de mecánicos/as, sen prexuízo dos demais requisitos que poida establecer a oportuna convocatoria.

3. O seu sistema de acceso será o de oposición libre.”

Tres. A disposición adicional terceira queda sen contido.






XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria única. Integración do persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Na escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia, subgrupo C1, poderá integrarse o persoal funcionario actualmente pertencente á escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia, do mesmo subgrupo, que á entrada en vigor da presente modificación lexislativa teña a titulación profesional esixida. A opción individual á dita integración deberá efectuarse mediante o procedemento e no prazo que regulamentariamente se determinen.





XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

Ampliación do prazo de presentación de emendas ao articulado do Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

A Mesa do Parlamento, na reunión do 30 de agosto de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Aceptación ampliación prazo emendas ao articulado

- 08/PL-0012(36940)

Presidencia da Xunta de Galicia

Polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

BOPG núm. 247, do 08.06.2010

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 46734, escrito do G.P. do Bloque Nacionalista Galego polo que se solicita a prórroga do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º) Prorrogar o prazo de presentación de emendas ao articulado ata o día 9 de setembro de 2010, ás 18:30 horas.

2º) Comunicarlles este acordo aos portavoces dos grupos parlamentarios e dar traslado á Xunta de Portavoces.

3.º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

1.2.2. Propositions de lei

A Mesa do Parlamento, na reunión do 30 de agosto de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 08/PPL-0011(44688)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

De racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa, e dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1.º) Admitir a trámite a devandita proposición de lei.

2.º) Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, de Igualdade de Mulleres e Homes e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3.º) Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ó abeiro do disposto no Artigo 122 do Regulamento da Cámara, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos deputados e deputadas, Miguel Ángel Santalices Vieira, Rosendo Luís Fernández Fernández, Ángeles Díaz Pardo, Yolanda Díaz Lugilde, José Antonio García López, Dámaso López Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Alberto Sueiro Pastoriza, Paula Prado del Río, e José Manuel Baltar Blanco, presentan ante esa Mesa a seguinte Proposición de Lei de Racionalización do Gasto na prestación Farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade coa lei 29/2006, de 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, a prestación farmacéutica defínese como o conxunto de actuacións dirixidas a que os pacientes reciban e utilicen, de forma adecuada ás súas necesidades clínicas, nas doses precisas segundo os seus requirimentos individuais, durante o período de tempo adecuado, coa información para o seu correcto uso e ao menor custe posible.

Dita lei contempla que a xestión das Comunidades Autónomas, en materia de sanidade, comprende un amplo espectro de políticas en canto a prioridades no tratamento dos problemas de saúde, introducción de novas tecnoloxías e novos tratamentos, así como promoción de alternativas máis eficientes nos procesos diagnósticos e terapéuticos desenvolvidos polos profesionais das respectivas Comunidades Autónomas.

Dentro do ámbito de execución destas alternativas máis eficientes está o campo da xestión de prestación farmacéutica, cuxa definición abarcaría tanto a medicamentos, produtos sanitarios como as actuacións dos profesionais sanitarios implicados no ciclo prescrición-dispensación dos produtos farmacéuticos.

Así, o artigo 88 da citada lei, relativo ó principio de igualdade territorial e procedemento coordinado, recoñece o dereito de todos



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2010 10:14
Nº Rexistro: 44688
Data envío: 09/08/2010 10:14:25.605

os cidadáns a obter medicamentos en condicións de igualdade en todo o Sistema Nacional de Saúde, especificando que se desenvolverá sen prexuízo das medidas tendentes a racionalizar a prescrición e a utilización de medicamentos e produtos sanitarios que podan adoptar as Comunidades Autónomas en exercicio das súas competencias.

O gasto farmacéutico é un dos principais compoñentes do gasto sanitario, e un dos que máis comprometen a sostenibilidade futura dos sistemas sanitarios. Ademais, os contextos económicos desfavorables fan que aumente este nivel de compromiso.

O sistema sanitario de Galicia non é alleo a esta situación, por elo, é necesario adoitar con urxencia medidas políticas co obxectivo último de racionalizar o gasto farmacéutico na Comunidade Autónoma, sen prexudicar a calidade da prestación farmacéutica que reciben os cidadáns.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular considera necesaria a adopción de medidas de contención da factura farmacéutica, antepoñendo a visión epidemiolóxica, o óptimo social a nivel global e orientando as actuacións cara á racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROPOSICIÓN DE LEI

Artigo 1. Obxecto:

- 1) O obxecto da presente lei é establecer medidas tendentes a racionalizar a prescrición e a utilización de medicamentos e produtos sanitarios no ámbito do Servicio Galego de Saúde.
- 2) A estes efectos, mediante a presente lei se procede a:
 - a) Crear, a partir do Nomenclator oficial de produtos farmacéuticos financiados polo Sistema Nacional de Saúde, o



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

catálogo de produtos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia.

- b) Establecer a intervención da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica, encargada da elaboración de dito catálogo.
- c) Habilitar á Consellería de Sanidade para levar a efecto, no caso, os pactos, acordos ou contratos necesarios para cumprir as previsións da presente Lei.

Artigo 2. Ámbito:

Todas as actuacións dos profesionais sanitarios do servizo galego de Saúde así como as das oficinas de farmacia, ós efectos da prescrición e dispensación en receita oficial e a súa financiación con cargo ós presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán axustarse ó catálogo así como ós pactos, acordos ou contratos que , en aplicación do previsto nesta Lei, se subscriban.

Artigo 3. Catálogo de produtos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia.

- 1) O catálogo recollerá os alternativas e prioridades necesarias para garantir a cobertura da asistencia farmacéutica. Así mesmo, contenderá as especificacións técnicas dos medicamentos e produtos sanitarios que cumpran os criterios de eficacia, seguridade e eficiencia.
- 2) Dito catálogo será aprobado mediante Orden pola Consellería de Sanidade, previo informe da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica.
- 3) A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica elaborará a proposta de criterios e condicións xerais de inclusión



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2010 10:14
Nº Rexistro: 44688
Data envío: 09/08/2010 10:14:25.605

dos medicamentos e produtos sanitarios no catálogo que elevará á Consellería de Sanidade para a súa aprobación.

Artigo 4. Instrumentos negociales.

De conformidade coa habilitación establecida no Artigo 1.2.c) da presente lei, a Consellería de Sanidade poderá promover e concluír os negocios xurídicos necesarios para a adecuada selección de provedores, a fin de que esta se axuste a requisitos técnicos e económicos que permitan implementar unha prestación farmacéutica máis eficiente na nosa Comunidade Autónoma.

Disposición derogatoria:

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta Lei.

Disposicións finais:

Primeira.- Facultase á Conselleira de Sanidade para dictar as disposicións necesarias para o desenrolo e execución dos previstos na presente Lei.

Segunda.- A presente lei entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2010

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 09/08/2010 10:12:50

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 09/08/2010 10:12:57

Rosendo Luis Fernández Fernández na data 09/08/2010 10:13:02



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2010 10:14
Nº Rexistro: 44688
Data envío: 09/08/2010 10:14:25.605

María Ángeles Díaz Pardo na data 09/08/2010 10:13:09

Yolanda Díaz Lugilde na data 09/08/2010 10:13:12

José Antonio García López na data 09/08/2010 10:13:18

Dámaso López Rodríguez na data 09/08/2010 10:13:23

Marta Rodríguez Arias na data 09/08/2010 10:13:28

Alberto Sueiro Pastoriza na data 09/08/2010 10:13:35

Paula Prado del Río na data 09/08/2010 10:13:39

**José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 09/08/2010
10:13:45**



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727